



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|-------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Sistemas migratorios comparados | Código | 615472202 | |
| Titulación | Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 1º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 2 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Socioloxía e Ciencias da Comunicación | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | |
| Profesorado | | Correo electrónico | | |
| Web | esomi.es | | | |
| Descrición xeral | Esta materia intenta analizar os distintos sistemas migratorios existentes no mundo desde unha perspectiva comparada. Parte dun enfoque global sobre as migracións enmarcando a mesma no debate sobre as teorías migratorias internacionais, e chega a analizar a situación de España e Galicia nese proceso global de mobilidade como parte do proceso de globalización. | | | |
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen *Metodoloxías docentes que se modifican 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado 4. Modificacións na avaliación *Observacións de avaliación: 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|--|
| Código | Competencias do título |
| C1 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C3 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |
| C5 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|--|------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | | Competencias do título |
| Coñecementos sobre as características definitorias do sistema migratorio europeo no contexto da OCDE. | | | CM1 CM3 CM5 |
| Capacidade de análise da evolución da inmigración en España: a intensidade, composición e as tendencias futuras. | | | CM5 |



| | | | |
|---|--|--|-----|
| Coñecementos sobre a situación da inmigración en Galicia: evolución, mercado laboral e integración dos extranxeiros en Galicia. | | | CM1 |
| Ser capaces de analizar as principais fontes estadísticas e datos primarios sobre a situación da inmigración nos distintos territorios. | | | CM3 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1: O sistema migratorio español no contexto da OCDE. | <p>Tema 1.1. Características do sistema migratorio español no contexto da OCDE´.</p> <p>Tema 1.2. A inmigración en España: de país de emigración a país de inmigración (1985-2011)</p> <p>Tema 1.3. O impacto demográfico da inmigración en España</p> <p>Tema 1.4. A integración da inmigración na sociedade española.</p> |
| Tema 2: A inmigración en Galicia no contexto global e estatal. | <p>Tema 2.1. As especificidades da inmigración residente en Galicia: evolución do fluxo, stock e tendencias migratorias.</p> <p>Tema 2.2. Análise estadístico de fluxos e stock aplicados ao ámbito local: a planificación de intervencións sociais con apoio de fontes secundarias.</p> |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Proba de ensaio | C1 C3 C5 | 0 | 18 | 18 |
| Atención personalizada | | 32 | 0 | 32 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-----------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba de ensaio | A proba de ensaio é un tipo de metodoloxía que permite ao alumnado realizar unha reflexión profunda sobre as diversas temáticas explicadas na aula. O alumno ou alumna deberá presentar un ensaio de 10 páxinas no cal a revisión de bibliografía é un requisito indispensable. Os ensaios poden ser realizados de forma individual ou grupal, dependendo do acordo entre os profesores implicados, ao igual que pode escollerse a temática de maneira libre ou ser escollida polo docentes responsables da mesma. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba de ensaio | O profesorado responsable desta materia dará atención personalizada de forma presencial e virtual, é dicir, no horario de titorías oficialmente establecido e contestando dúbidas concretas a través do correo electrónico. Neste sentido, tentarase apoiar no avance de coñecementos aos matriculados nesta asignatura e solventar dúbidas, á par que complementar contidos realacionados coa mesma. |

| Avaliación | | | |
|--------------|--------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |



| | | | |
|-----------------|----------|---|-----|
| Proba de ensaio | C1 C3 C5 | <p>A avaliación desta materia estará condicionada nun 90% da nota global á entrega dun traballo por cada unha das partes explicadas na materia.</p> <p>Para superar os contidos relacionados coa inmigración en Galicia é preciso a realización dun traballo individual que consistirá en cubrir unha ficha cunha serie de indicadores demográficos sobre a situación da poboación estranxeira nun municipio galego (a concretar coa profesora) e a análise demográfica de estos indicadores xunto dunha primeira valoración de esta situación (posibles liñas de intervención e programas a deseñar).</p> <p>Para superar os contidos relacionados coa inmigración na OCDE solicitarase ao alumnado un traballo de ensaio ou de comentario de fontes de datos estatísticos, que vincule leituras e comentarios de datos.</p> <p>Cada un dos traballos representará o 50% da nota final, é dicir, a suma de ambos supón un 100% da nota final da materia.</p> <p>Sen embargo, queremos deixar constancia que a avaliación final será acordada e definida polo profesorado responsable buscando a mellor alternativa en cada caso. Será comunicada ao alumnado durante as sesións maxistras e acordada co mesmo. Tamén se prantexará un prazo de entrega razoable do traballo de avaliación.</p> <p>No caso de non poder acceder ou de non superar a avaliación a través da proba de ensaio, o alumnado ten dereito a realizar un exame da convocatoria oficial, de carácter presencial.</p> | 100 |
|-----------------|----------|---|-----|

Observacións avaliación

O alumnado a distancia terá a mesma opción de avaliación que os alumnos asistentes mediante a proba de ensaio. En caso de non ter superada a materia, faría un exame oral de modo virtual, de xeito tal que permita a axeitada identificación do alumno; por exemplo: exame oral por video conferencia.

Fontes de información



| | |
|---|--|
| <p>Bibliografía básica</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Aldrey, J.A., González Pérez, J. E Santos Solla, J.M. (2008). A inmigración estranxeira en Galicia. Identificación de comportamentos sociais e decisión territoriais a partir da opinión dos diferentes colectivos de inmigrantes. . Santiago de Compostela: SXE, Xunta de Galicia - Boutang, M. y Papademetriou, D. (1994). Typology, evolution and performance of the main migratory systems. OCDE: París - González Pérez, J.M. (2008). Inmigración estranxeira e territorio en Galicia. A construción dun país social e culturalmente diverso. Santiago de Compostela: Secretaría Xeral de Emigración, Xunta de Galicia - Izquierdo Escribano, A. (2006). Demografía de los extranjeros. Incidencia en el crecimiento de la población. Bilbao: Editorial Fundación BBVA - Izquierdo Escribano, A. y León, S. (2008). La inmigración hacia dentro: argumentos sobre la necesidad de coordinación de las políticas de inmigración en un estado multinivel. Madrid: UCM (Revista Política y Sociedad, vol. 45, nº. 1) - Oso Casas, L.; Villares Varela, M. Golías Pérez, M. (2008). Inmigrantes extranjeros y retornados en Galicia: la construcción del puente transnacional. UCM: Madrid (Revista Política y Sociedad, Vol. 45, nº. 1) - OCDE (2008). A Profile of Immigrant Populations in the 21st Century Data from OECD Countries. OCDE: París - Simon, G. (1995). Géodynamique des migrations internationales dans le monde. Paris, Presses Universitaires de France - Fernández Suárez, B. (2010). Políticas migratorias comparadas en el Sur de Europa: lecciones cruzadas entre España y Portugal. Madrid: Fundación Alternativas |
| <p>Bibliografía complementaria</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Izquierdo Escribano, A. (2003). Inmigración, mercado de trabajo y protección social. Madrid: Editorial Consejo Económico y Social - Cid Fernández, X. M.; Domínguez Alberte, X.C.; Soutelo Vázquez, R. (2008). Migracións na Galicia contemporánea. Desafíos para a sociedade actual. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco - Domingo, A; y Recaño, J. (2006). Perfil demográfico de la población extranjera en España. Barcelona: Fundación CIDOB (Libro de Aja y Arango: La inmigración en España 2006. Anuario de inmigra - Izquierdo Escribano, A., López de Lera, D., Martínez Buján, R. (2003). The favourites of the Twenty-First Century: Latin American Immigration in Spain. Roma: The Centre for Migration Studies (CSER). Revista Studi Emigrazione, nº 149. - Izquierdo Escribano, A. (2002). La población extranjera en Galicia. Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións (Libro Pérez Vilariño: Las encrucijadas del camb - Izquierdo Escribano, A. (1996). La inmigración inesperada. La población extranjera en España (1991-1995). Madrid: Editorial Trotta - Kritz, M.M., Lim, L.L., Zlotnik, H. (1994). International Migration Systems: A Global Approach. USA: Oxford University Press - OCDE (2009). International Migration Outlook - Edition 2009. OECD: Paris - Pérez Caramés, A. (2004). Los residentes latinoamericanos en España: de la presencia diluida a la mayoritaria. México DF: UNAM (Revista Papeles de Población, nº. 41) - Solé, C.; Izquierdo Escribano, A.; Alarcón Alarcón, A. (2005). Integraciones diferenciadas: migraciones en Cataluña, Galicia y Andalucía. Barcelona: Antrophos |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría das migracións internacionais/615472110

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Historia dos grandes movementos migratorios desde o s. XIX e transicións demográficas/615472103

Comunidades migrantes galegas en América e Europa/615472106

Técnicas de investigación aplicadas e fontes documentais para o estudo das migracións/615472109

Estrutura social, mercado de traballo e migración internacional/615472203



| Materias que continúan o temario |
|----------------------------------|
|----------------------------------|

| |
|---|
| Políticas de control de fluxos e de admisión da poboación estranxeira/615472204 |
|---|

| |
|--|
| Políticas de integración social da inmigración/615472205 |
|--|

| Observacións |
|--------------|
|--------------|

| |
|--|
| (*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías |
|--|